

FORMULARIO DE INSCRICIÓN

I CAMPUS MUSICAL DE VERÁN "VILA DE SANXENXO"

Data: _____

Hora: _____

- 🎵 *Para quen?* Rapaces e rapazas de **6 a 15 anos** (nados/as do 01/01/2010 ata o 31/12/2018), con ou sen coñecementos musicais.
- 🎵 *Onde?* No Pazo Emilia Pardo Bazán (Travesía Miraflores, n.º 3 – Sanxenxo)
- 🎵 *Cando?* Do **01 de xullo ao 29 de agosto** de 2025, de **luns a venres**, de **8:30 a 14:30**

DATOS DA PERSOA MENOR

Nome e apelidos: _____

Data de nacemento: ____/____/____ DNI/NIF: _____

Dirección: _____

CP: _____ Localidade: _____ Provincia: _____

Ten coñecementos musicais? ____ Toca algún instrumento? Cal? _____

Está matriculada nalgunha escola de música ou conservatorio? Onde? _____

Sabe nadar? ____

Observacións sobre o/a menor (indicar se presenta enfermidade, doenza, intolerancia alimentaria, alerxia, diversidade funcional etc.):

DATOS FAMILIARES

Nome e apelidos da persoa proxenitora/titora: _____

DNI/NIF: _____ Teléfonos de contacto: _____

Correo electrónico: _____

PERÍODO SOLICITADO (marque cun X)

Xullo (1 mes completo): ☐

1.ª quincena de xullo: ☐

2.ª quincena de xullo: ☐

Agosto (1 mes completo): ☐

1.ª quincena de agosto: ☐

2.ª quincena de agosto: ☐

Xullo e agosto (2 meses completos): ☐

Alumno/a da Escola Municipal de Música de Sanxenxo?

Si ☐ Non ☐

TARIFAS E DESCONTOS

	Alumnado membro da Escola Municipal de Música de Sanxenxo	Alumnado externo
Quincena	150€	175€
1 mes	220€	250€
2 meses	400€	450€

DOCUMENTACIÓN REQUIRIDA

- 🎵 Copia do **Libro de Familia** (obrigatorio)
- 🎵 Copia da **Tarxeta Sanitaria do/a menor** (obrigatorio)
- 🎵 Copia do **DNI da persoa proxenitora ou titora** (obrigatorio)
- 🎵 Documentación que acredite ser alumno/a da **Escola M. de Música de Sanxenxo** (se procede)

MÉTODO DE INSCRICIÓN

As inscricións deberán presentarse correctamente asinadas entre o **01 e 31 de maio de 2025 (ámbolos dous incluídos)** xunto co xustificante de pago e a documentación requirida no [Pazo Emilia Pardo Bazán](#) (L-V 8:30-14:00 / 16:00-21:00) ou a través do correo electrónico campusmusicalviladesanxenxo@gmail.com. A **reserva de praza** realizarase por **orde de inscrición** ata completar o total de prazas por quincena (75 prazas).

MÉTODO DE PAGO

Número de conta (ABANCA): ES61 2080 0570 6830 4000 3207

Concepto: *nome e apelidos da persoa menor* **Beneficiario:** *Sociedade Musical de Sanxenxo*

Eu, Don/Dona _____ con

DNI _____:

- ☐ Autorizo que o/a menor participe nas actividades programadas fóra do recinto habitual do I Campus Musical de Verán “Vila de Sanxenxo”.
- ☐ Autorizo ao Sociedade Musical de Sanxenxo e ao Concello de Sanxenxo a publicación da imaxe do/a menor en medios de comunicación e redes sociais, así como naqueles soportes impresos ou dixitais que se poidan derivar desta actividade.
- ☐ Autorizo a recollida do/a menor por outra persoa diferente á que asina esta autorización:
 - 1. NOME E APELIDOS: _____ DNI: _____
 - 2. NOME E APELIDOS: _____ DNI: _____

Declaro que:

- Coñezo e acepto a *Cláusula de protección de datos e dereitos de imaxe*, as *Condicións xerais de contratación* e as *Normas xerais de comportamento* adxuntas ao presente formulario.
- Conto coa autorización do/a outro/a proxenitor/a para a solicitude do I Campus Musical de Verán “Vila de Sanxenxo”.

En Sanxenxo a ____ de _____ de 2025

Sinatura da persoa proxenitora/titora:

CLÁUSULA DE PROTECCIÓN DE DATOS E DEREITOS DE IMAXE

En cumprimento do disposto no Artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (RGPD) e o Artigo 11 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD), a Sociedade Musical de Sanxenxo infórmalle de que os datos de carácter persoal que vostede proporciona serán recollidos nun ficheiro cuxo responsable é a Sociedade Musical de Sanxenxo con domicilio Travesía Miraflores n.º 3 – Pazo Emilia Pardo Bazán coa finalidade de xestionar a presente inscrición e desenvolver o I Campus musical "Vila de Sanxenxo", así como o envío de noticias e información de distintas actividades que organice e promova.

Os datos recollidos son almacenados baixo a confidencialidade e as medidas de seguridade legalmente establecidas e só serán cedidos e compartidos coa Sociedade Musical de Sanxenxo e o Concello de Sanxenxo para a publicación da imaxe do/a menor en medios de comunicación e redes sociais, así como naqueles soportes impresos ou dixitais que se poidan derivar desta actividade. Non hai previsión de transferencias a terceiros países.

Os seus datos só se conservarán o tempo necesario para cumprir cos fins polos que se están tratando e coas obrigacións legais pertinentes. No momento no que non sexan necesarios, procederemos a destruílos de forma segura.

Así mesmo, de conformidade coa Lei Orgánica 1/1982 do 5 de maio de protección do dereito á honra, intimidade e propia imaxe, a Lei Orgánica 1/1996, de protección xurídica do/a menor e á última instrución 2/2006 sobre o Fiscal e a Protección do Dereito á Honra, Intimidade e propia imaxe dos/as menores, informamos que se poden captar imaxes do/a menor que se inscribe ao I Campus musical "Vila de Sanxenxo", coa condición de que estas teñan relación co Campus indicado para a elaboración de publicacións, folletos, páxina web, redes sociais e/ou revistas da Sociedade Musical de Sanxenxo ou do Concello de Sanxenxo.

Conforme ao Artigo 13 do RGPD e o Artigo 11 do LOPDGDD, infórmase de que en calquera momento poderán retirar o consentimento ao tratamento e presentar unha reclamación ante a autoridade de control competente no caso de incumprimento do establecido no RGPD e LOPDGDD.

Para contactar coa Sociedade Musical de Sanxenxo, pode enviar un email á seguinte dirección de correo electrónico: bmusicasanxenxo@gmail.com

Poderá exercer o seu dereito de acceso, rectificación, cancelación, oposición, portabilidade e limitación ao tratamento dos seus datos persoais, mediante o envío dun escrito a Travesía Miraflores n.º 3 (Sanxenxo) ou mediante o envío dun correo electrónico a bmusicasanxenxo@gmail.com nos termos e condicións previstos na propia RGPD e LOPDGDD.

CONDICIÓN XERAIS DE CONTRATACIÓN

1. As presentes Condicións Xerais están suxeitas a canto resulte de aplicación do Real Decreto Lei 1/2007 do 16 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral para a Defensa de Consumidores e Usuarios, a Lei 7/1998, do 13 de abril, sobre as Condicións Xerais da Contratación, e o Código Civil.
2. **PAGO.** O pago da praza realizarase antes do **1 de xuño de 2025**, indicando nome e apelidos do/a menor. A falta de ingreso, en tempo e forma, será considerada como renuncia do/a menor para asistir ao Campus.
3. **CANCELACIÓN.** No caso de que o/a contratante decida cancelar o Campus contratado, deberá notificalo ao correo electrónico do Campus (campusmusicalviladesanxenxo@gmail.com) con, polo menos, trinta días de antelación ao comezo do mesmo. En tal caso, o/a contratante terá dereito á devolución das cantidades abonadas, a excepción dun 25%, en concepto de gastos de xestión. Se a cancelación se producise antes dos vinte días do inicio do Campus, o/a contratante perderá o 50% do curso. Se se producise entre os vinte e os dez últimos previos ao comezo do Campus, perderá o 80% do prezo abonado. As cancelacións comunicadas cun período de previo aviso inferiores aos dez días do inicio do Campus non darán dereito a devolución algunha do importe aboado.

No suposto de que antes do inicio do Campus, este se vexa obrigado a modificar de maneira significativa algún elemento substancial destas condicións, incluído o prezo ou a cancelación do propio Campus, porase inmediatamente en coñecemento da persoa contratante. Esta poderá resolver o contrato, sen cargo algún.

4. **NORMAS.** O/A menor comprométese a respectar e cumprir as normas de disciplina e comportamento durante a súa permanencia en todas as instalacións onde se desenvolva o Campus, en particular, no referente a horarios, comidas, normas de convivencia co profesorado, monitores/as, alumnado e os demais participantes no Campus.
5. **TRATAMENTO MÉDICO.** No caso de que o/a menor de idade se atopase en situación de necesitar tratamento médico, por accidente ou enfermidade, sen que fose posible localizar ás persoas proxenitoras ou titoras, a organización do Campus queda autorizada para tomar as medidas que considere máis oportunas para a saúde do/a menor.
Os/As participantes que contraten o campus dispoñen da cobertura dun seguro de responsabilidade civil durante a súa participación no Campus, segundo as cláusulas da póliza de seguro subscrita coa empresa aseguradora.
6. **VIXENCIA.** A vixencia destas condicións xerais é a do folleto en curso, é dicir, ano 2025.

NORMAS XERAIS DE COMPORTAMENTO

As persoas participantes deberán acollerse ás seguintes normas de comportamento no noso Campus:

1. Os profesores e profesoras son as persoas que teñen ao seu mando o Campus. Todas as súas instrucións e suxestións deberán ser acatadas polas persoas participantes do Campus.
2. Está **prohibido inxerir bebidas alcohólicas ou estimulantes** de calquera tipo durante todo o transcurso do campus sen excepción algunha.
3. Está **prohibido o uso de todo tipo de drogas ou estimulantes fisiolóxicos**, incluídos os cigarros e *vapers*.
4. O **uso de palabras malsoantes** non está restrinxido, coa condición de que non provoque ofensa a calquera das persoas participantes do Campus, á poboación que se visite ou prexudique a imaxe do Campus. Con todo, debido ás normas elementais de convivencia social, deberán evitarse aquelas actitudes que perturben a solvencia moral e os bos costumes durante o Campus.
5. O uso de **dispositivos** móbiles, *tablets* ou aparellos **tecnolóxicos** será **limitado**.
6. Está **prohibido calquera tipo de obxecto punzocortante** que sexa considerado como arma branca (follas de navallas de máis de 5 cm), así como **calquera tipo de arma** (sexa de lume, municións, postas etc.). Se se presentase o caso dunha persoa participante que portase calquera obxecto desta natureza, seralle recollido polo profesorado para o seu resguardo durante o transcurso do Campus e será devolto ao remate deste. Así mesmo, está **prohibido levar calquera tipo de mascota**.
7. No caso de que **algún obxecto se extravíe**, será buscado por todas as persoas participantes do Campus. Se despois diso non se atopa, buscarase en todas as mochilas das persoas presentes, comezando polas das persoas instrutoras ou monitoras.
8. Se algunha persoa participante do Campus **deteriora de maneira ostensible, destrúe ou estraga calquera material** instrumental, lúdico ou do espazo do Campus, **deberá cubrir o seu custo**.
9. **Ningunha persoa participante poderá retirarse do Campus antes de que este finalice** excepto por algunha causa de forza maior e só se as persoas responsables a fosen retirar ao lugar mesmo. En calquera caso, deixarase constancia escrita da súa recollida.
10. Calquera **transgresión** deliberada ou imprudente ás normas de seguridade que provoque unha ameaza, á persoa mesma en particular ou ao grupo en xeral, causará amoestación ou expulsión definitiva do Campus, segundo a gravidade da falta.
11. Calquera situación non prevista no presente Regulamento será resolta polas persoas instrutoras do Campus.